

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, a través da súa vicevoceira e á iniciativa do seu deputado Juan M. Fajardo Recouso, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ao establecemento dun protocolo de emerxencia para a illa de Cortegada.

Exposición de Motivos

Durante o pasado mes de xullo a illa de Cortegada enclavada na ría de Arousa e que forma parte do parque nacional Illas Atlánticas sufriu un incendio cuxas consecuencias puideron ser dramáticas.

A reacción solidaria e inmediata da veciñanza de Carril fixo posible a extinción do incendio de forma, máis ou menos rápida, xa que este deixou en evidencia a falla de xestión medioambiental do parque, ou a existencia de protocolos de actuación en caso de incendio, xa que logo os medios de extinción tiveron que ser transportados por particulares da zona, e incluso algúns dos medios técnicos transportados para a extinción non chegou a funcionar, sendo os propios veciños mediante cubos e capachos os que atallaron as lapas.

De todos é coñecida o valor medioambiental, cultural e etnolóxico desta illa, que forma parte da historia máis sobranceira do Concello de Carril e Vilagarcía, polo que o risco que esta a sufrir pola deixadez das administracións responsábeis, cabe destacar que teñen encomendada a coxestión mediante a lei 15/2002 de 1 de xullo, a administración central e autonómica, fai necesario que se adopten medidas de forma inmediata, de xeito que se garanta que no futuro non se produza unha traxedia como a que puido acontecer o pasado mes.



Polo exposto o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Pleno**:

O parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a :

Primeiro.- Consensuar entre as administracións responsábeis, o establecemento dun sistema de mantemento e limpeza da Illa de Cortegada, supervisado por expertos na materia, de xeito que se evite o risco de incendio actual da illa.

Segundo.- Se elabore un protocolo de emerxencia dotado dos recursos necesarios tanto terrestres como mariños, que permitan actuar de forma áxil en caso de incendio, incluso en condicións de nocturnidade.

En Compostela, a 24 de agosto do 2014.

Asdo. Juan Manuel Fajardo Recouso

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 24/08/2015 11:24:50

Yolanda Díaz Pérez na data 24/08/2015 11:24:53